

Prazo de matrícula

a)O prazo de inscrición para acceder ás ensinanzas de bacharelato para persoas adultas será o establecido para o bacharelato de réxime ordinario. En calquera caso, abrirase un prazo extraordinario de matrícula entre o 1 e o 11 de setembro de 2020.

b)Os alumnos que accedan ao bacharelato de adultos presencial poderán matricularse:
Dun curso completo.

De materias illadas correspondentes a primeiro e/ou segundo curso, sempre que exista compatibilidade horaria e non se superen os 32 períodos lectivos semanais máximos establecidos para esta modalidade de bacharelato.

c)Coa finalidade de facilitar a adecuación do itinerario formativo do alumnado ás súas posibilidades de escolarización, durante o primeiro trimestre do curso a dirección do centro, en función das posibilidades do mesmo, poderá autorizar a ampliación ou a anulación da matrícula por materias. A tal fin, o alumnado que desexe cursar materias de 1º e 2º cursos deberá matricularse inicialmente só nas materias correspondentes a primeiro. Unha vez coñecidos os horarios, poderá ampliar a matrícula co resto das materias, sempre que poida asistir semanalmente a máis do 65% das horas lectivas das mesmas, agás no caso de materias de dúas sesións semanais, que será de máis do 49%.